



Saramaganta

CONTRATO UTOPICO N°: 00 /20

Dunha banda,.....

con NIF:....., enderezo na rúa..... n°.....,
piso.....,C.P....., en provincia de, email.....

Actuando en cualidade de compañeira/o de fatigas (en adiante a/o **compañeira/o**).

E doutra. A Fundación Sen Esquencer con CIF G70104914, con enderezo a efectos de notificacións na Rúa Santa Comba n°10, Portomouro, Concello de Val do Dubra, A Coruña, Galiza, actuando en cualidade das/dos **irreductibles**.

Concordan, subscribir un **contrato de arrendamento de esforzos, cesión de utopías, hipoteca de pasados, permuta de futuro, usufruto de soños**, rexéndose o mesmo polas seguintes **CLÁUSULAS**:

PRIMEIRA.- A parte contratante da segunda parte denominada **as/os irreductibles**, formada pola Fundación Sen Esquencer (FSE) desenvolve entre outros os seguintes proxectos:

•**RQR. Erre que Erre (FSE).**

- **O Bosque con Memoria.** Proxecto medio ambiental de Reforestación.
- **Camiños d'auga.** Proxecto medio ambiental de Recuperación paisaxística.
- **Negra Sombra.** Proxecto de Cultivo de Camelias.
- **Mercadillo Vintage.** Taller de Recuperación, Reutilización e Reciclaxe.

•**Saramaganta.**

- **Recursos telemáticos.** Hosting Social Autónomo. Telemática ao servizo do colectivo.

SEGUNDA.- A parte contratante da primeira parte abaixo asinante, tras a lectura tranquila do presente contrato numerado, comprométese libremente, sen ningún tipo de presión, solicitude de esmola ou prexuízos de carácter moral a contribuír coas cantidades que logo se dirán ao proxecto **Saramaganta** de recursos telemáticos, terceiro sector e movementos sociais, enumerado no expoñendo primeiro.

Asemade, e como non podía ser doutro xeito, esta acción solidaria supón un recoñecemento expreso de que son compañeira/o, asociada/o, amiga/o, colega ou simplemente persoa física ou xurídica solidaria vencellada con estas inquedanzas. (como mellor prefiras considerarte)

TERCEIRA.- A parte contratante da segunda parte, (**as/os irredutibles**) manifesta cas persoas do colectivo asinante que participan activamente neste proxecto arrimando o lombo, fano desinteresadamente, con agarimo e conciencia, sen percibir por isto ningún tipo de dádiva, salario ou calquera xeito de enriquecemento máis aló de ver transformar o mundo por medio da súa participación. Quedando constancia, que tódalas actuacións descritas no presente Contrato Utópico, son universais e gratuítas con destino preferentemente para as/os compañeiras/os e colectivos que carecen dos mínimos recursos.

CUARTA.- A achega económica comprometida por este contrato, que supón e conforma un grao de area, sumarase aos compromisos que outras/os compañeiras/os fixeron, fan e farán. Sendo en si mesma, unha expresión dun xeito activo de apoio mutuo.

QUINTA.- Tendo presente que tódalas cousas que pretendemos facer confecciónanse co maxín e con fume, e que todas/os as/os implicadas/os tecen estes canastros cos seus propios vimbios; as necesidades económicas precisas para acometer o proxecto Saramaganta, son básicas:

Entre outras; estas fronteiras infranqueables son:

- Pagamento de gastos de arrendamento e mantemento de Servidores.
- Pagamento de gastos de mantemento técnico dos servizos fornecidos.

SEXTA.- O obxecto deste contrato, é consolidar a financiación, autoxestión e operatividade do **Proxecto de Recursos telemáticos Saramaganta**, como ferramenta básica do terceiro sector e dos movementos sociais.

SETIMA.- Este contrato revisarase a cada segundo sen previa denuncia das partes, vencéllate como te vencellas a un paraugas un día de treboada antes de que chegue a primavera, e mentres dure as partes recibirán cumprida información sobre o tamaño e forma do castelo de area e as teimas das/os liliputienses que alí se acollen. Dende alí remitirémosvos, coma sempre, minúsculos mensaxes nunha botella, escritos con poesía vital e tecidos coa materia da que se fan os sonhos.

Cláusula utópica. Seguindo o principio de "*compañeiras sexamos realistas e fagamos o imposible*" as/os asinantes manifestamos que pretendemos que a autoxestión, a independencia, a liberdade, a solidariedade e a acción directa, sexan o fin deste pacto.

Asdo.: A/as Compañeira/s.

Asdo.: Fundación Sen Esquencer



UN GRAO DE AREA
Nº

Eu * con NIF manifesto libre e solidariamente, que estou de acordo con que a entidade Fundación Sen Esquencer, con CIF G70104914, faga un cargo na miña conta bancaria, nunha destas ACHEGAS:

Achega PAISANA

12 € semestrais	
24 € anuais	

Achega CUADRILLA

30 € semestrais	
60 € anuais	

Achega MANCOMUNIDADE

60 € semestrais	
120 € anuais	

A cargar na miña conta da entidade:

IBAN: Nº	
----------	--

Para o cal autorizo, mediante o presente escrito e coa miña sinatura, as contías do cargo sinaladas cun (X), como achega solidaria manifestada no contrato utópico que subscribo.

Asdo: A/o Compañeira/o
